



UN LIBRO PARA CADA DÍA

## Francisco Castro viaxa á Veneza medieval

Redacción . 'O segredo de Marco Polo' é a nova novela de Francisco Castro. Pensada para o público xuvenil, viaxa á Veneza do século XIII para contar a historia nunca narrada do mítico viaxeiro italiano. Edita Galaxia na súa colección 'Costa Oeste'.

🕒 18.10.2010 | 12:50

TAGS: FRANCISCO CASTRO ,



O escritor Francisco Castro é a faciana da 'Canción do náufrago'. PACO VILABARROS

O amor é a guía das páxinas (205) que Francisco Castro escribiu n'O segredo de Marco Polo. Un soldado loitará polo amor dunha muller obrigada a casar con quen non quere.

Francisco Castro tece unha historia na que priman tamén as guerras e intrigas de palacio na Veneza do século XIII, cidade á que xa retornou das súas viaxes Marco Polo. O viaxeiro, que vive coa angustia de que moitos dos seus compatriotas non crean que foron reais as súas aventuras en Asia, terá que recordar o camiño á Gran Muralla e aventurarse nas propias canles venecianas para ofrecer o seu último sacrificio.

O escritor vigués volve con este título á literatura para os máis novos, xénero que xa cultivara recentemente en Chamádeme Simbad.

Edita Galaxia.